

MATERIA

Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos
(Mundo actual: Comprensión e evolución contemporánea)

TITULACIÓN

Grao en Xornalismo

unidade
didáctica
13

Socialismo e comunismo

Elena Rosalía Rodríguez Fontenla

Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCATALOGADO

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2017

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-16954-15-5

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416954155>

**MATERIA: Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos
(Mundo actual: Comprensión e evolución contemporánea)**

TITULACIÓN: Grao en Xornalismo

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

BLOQUE 1: INTRODUCCIÓN Á CIENCIA POLÍTICA

Unidade I. Ciencia e política

- O coñecemento da política
- Ciencia política normativa e empírica
- Institucionalización da ciencia política

Unidade II. Concepto de política

- Concepto de política e a súa relación co concepto de poder
- Política e moral
- Ante a fin da política?

Unidade III. Estado e Sistema político

- A política antes do Estado
- O Estado como organización política: elementos constitutivos. Formas de Estado
- O esgotamento do Estado
- O sistema político

BLOQUE 2: INSTITUCIÓNS E RESULTADOS

Unidade IV. Democracia, Poliarquías e réximes non democráticos

- Dende a democracia dos clásicos ás poliarquías contemporáneas
- O estado liberal-democrático: auxe e desgaste
- Novos modelos de democracia
- Réximes non democráticos

Unidade V. Distribución territorial do poder

- Estados unitarios
- Estados compostos: Confederación, federación e autonomía
- Goberno multinivel e gobernanza

Unidade VI. Executivos e administracións

- A noción de goberno e formas de goberno
- Organización
- Concepto e modelos de administración pública
- Executivos duais e Executivos monistas
- Os debates contemporáneos sobre o peso do executivo en detrimento do parlamento

Unidade VII. Políticas públicas

- Concepto de políticas públicas, enfoques e teorías
- Fases do proceso e toma de decisións
- Condicións económicas e sociais da actuación política

Unidade VIII. Parlamentos e representación

- A representación no antigo réxime
- Representación moderna e o concepto de mandato representativo
- Estrutura, composición e funcións dos parlamentos

Unidade IX. Sistema electoral

- Funcións das eleccións
- Características do sufraxio electoral democrático
- Condicións do elector
- Deseño dun sistema electoral: os seus compoñentes
- Efectos do sistema electoral
- O sistema electoral español: principais atributos
- Liñas de debate actual na ciencia política

Unidade X. Poder xudicial

- Elementos para o estudo do sistema de xustiza
- Aparato policial, fiscalía, xurado, outros operadores

Unidade XI. Sistemas políticos comparados

- Sistema político galego e español
- Sistema político europeo
- Sistemas políticos: países europeos, Norteamérica e Canadá
- Sistemas políticos: América latina
- Sistemas políticos: Rusia, Asia, África

BLOQUE 3: IDEAS E IDEOLOXÍAS POLÍTICAS E MOVEMENTOS POLÍTICOS E SOCIAIS**Unidade XII. Liberalismo**

- Introdución ao estudo da ideoloxía política do liberalismo
- Contextos históricos e teóricos: os significados liberais de liberdade
- Liberalismo no século XXI

Unidade XIII. Socialismo e comunismo

- Introdución ao estudo da ideoloxía política do socialismo
- Contextos teóricos e históricos: orixes do socialismo, Marx, Comunismo e socialdemocracia
- Socialismo e Comunismo no século XXI

Unidade XIV. Anarquismo. Conservadorismo. Republicanismo. Comunitarismo

Anarquismo
Conservadorismo
Republicanismo
Comunitarismo

Unidade XV. Fascismo. Fundamentalismos relixiosos. Populismos

Fascismo
Fundamentalismos relixiosos
Populismos

Unidade XVI. Nacionalismo. Multiculturalismo

Nacionalismo
Multiculturalismo

Unidade XVII. Feminismo. Ecoloxismo. Antiglobalización

Feminismo
Ecoloxismo
Antiglobalización

BLOQUE 4: ACCIÓN POLÍTICA, ACTORES POLÍTICOS**Unidade XVIII Acción colectiva, grupos de interese e movementos sociais**

Acción colectiva, democracia e asociacións de intereses
Modelos de acción colectiva
Grupos de interese
Os Movementos sociais: proceso decisorio, organización, medios de representación, descontento e acción

Unidade XIX Partidos políticos

Concepto de partido político
Orixe e desenvolvemento e tipoloxías
Funcións, estrutura interna, dirección e financiamento
O sistema de partidos políticos

Unidade XX Comunicación política e opinión pública

Política e comunicación
Proceso de comunicación
Estratexias e campaña electoral
Comunicación en masa e novas tecnoloxías
Enquisas e sondaxes
A opinión pública

Unidade XXI Cultura política

Concepto e estudo da cultura política
A socialización política
Funcións da cultura política

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

XUSTIFICACIÓN

OS OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais

A METODOLOXÍA

ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Comentarios de texto
2. Comentarios críticos a partir do visionamento de documentais ou películas
3. Debates na aula a partir de cuestións de actualidade
4. Outras

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Introducción ao estudo da ideoloxía política do socialismo
 - 1.1. O socialismo: en procura da definición do concepto
 - 1.2. O estudo da morfoloxía ideolóxica do socialismo
2. Contextos históricos e teóricos: orixes do socialismo, Marx, comunismo e socialdemocracia
 - 2.1. Orixes do socialismo
 - 2.1.1. O Socialismo premarxista
 - 2.1.2. O primeiro anarquismo
 - 2.2. Marx
 - 2.3. Comunismo
 - 2.3.1. Lenin
 - 2.3.2. Stalin
 - 2.3.3. Trotski
 - 2.3.4. Mao
 - 2.3.5. Comunismo en Cuba
 - 2.3.6. Comunismo e democracia
 - 2.4. Socialdemocracia
 - 2.4.1. A socialdemocracia clásica
 - 2.4.2. Terceiras Vías
3. Socialismo e comunismo no século XXI
 - 3.1. Críticas, defensas e reformulacións do socialismo
 - 3.2. O modelo comunista de China
 - 3.3. O «Socialismo do século XXI»

AVALIACIÓN

1. Avaliación procesual
2. Avaliación final

BIBLIOGRAFÍA

ANEXOS

1. Exemplos de textos
 - Comentario de Texto 1)
 - Comentario de Texto 2)
 - Comentario de Texto 3)
2. Exemplos de documentais ou películas:

PRESENTACIÓN

A presente Unidade Didáctica é a décimo terceira das que constitúen o conxunto do programa docente da materia Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos, materia obrigatoria (código G3031V01) do primeiro curso do Grao de Xornalismo da Universidade de Santiago de Compostela. A materia é impartida no primeiro semestre, e ten unha carga lectiva de 6 créditos ETCS no plan de estudos do grao. Un 50 % do horario ten carácter interactivo mentres que o 50 % é de tipo expositivo. A programación docente da materia estaría constituída por 21 unidades didácticas.

XUSTIFICACIÓN

A presente unidade didáctica xorde da necesidade de transmitir ao alumno a importancia do estudo das ideas e ideoloxías políticas contemporáneas na súa formación como futuro xornalista. A comprensión das aptitudes e comportamentos dos diversos actores políticos no seo dunha política democrática esixe o coñecemento das ideas que estruturan non só a existencia dos movementos políticos e sociais que lle dan forma senón tamén a percepción cognitiva da realidade política e social que temos cada un de nós en tanto cidadáns e actores políticos.

Á súa vez, o funcionamento e conformación das institucións políticas sería incompreensible sen o coñecemento destas ideas e ideoloxías políticas. A través dos modelos normativos de como debe ser ordenada a realidade as ideoloxías e ideas políticas son un factor relevante, entre outros moitos, á hora de explicar o sentido e a natureza das institucións políticas. As ideas e ideoloxías políticas conforman a vida política en tanto constitúen un importante factor na conformación das eleccións e decisións individuais sobre como debe ser a vida en comunidade.

Neste senso, despois do estudo do liberalismo proseguimos no noso estudo das ideas e ideoloxías políticas contemporáneas –e respectando unha certa orde cronolóxica de sucesión histórica– co socialismo en tanto conxunto ou familia ideolóxica que responde ao ideario liberal burgués atribuíndo a boa parte do pensamento desta manifestación ideolóxica a responsabilidade polas manifestacións históricas de miseria e desigualdade social da temperá expresión do capitalismo económico e financeiro. Só comprendendo como xurdiu e se desenvolveu o socialismo é posible comprender o evolución non só do liberalismo senón tamén das outras grandes ideoloxías políticas contemporáneas como o conservadorismo ou o anarquismo.

A presente unidade didáctica de título «Socialismo e comunismo» é a segunda do bloque sobre ideas e ideoloxías políticas e movementos sociais contemporáneos. A través do seu desenvolvemento, intentarase transmitir ao alumnado a importancia de comprender a complexidade das ideoloxías políticas como fenómenos que enmarcan a acción e dos actores políticos así como a contorna das institucións públicas no seo das democracias contemporáneas. En concreto, comprender como o socialismo constitúe unha das primeiras e grandes respostas aos fundamentos

políticos, económicos e sociais do capitalismo liberal e como, na procura dun sistema alternativa, baixo o mesmo termo englobaríanse multitude de respostas diferentes e en boa parte contraditorias que se articularían ao longo da evolución histórica até a actualidade das propias sociedades xurdidas da modernidade política. Respecto ao comunismo, que para moitos debe ser incluído e para outros excluído do socialismo como concepto, estudárase como boa parte das ideas dese gran conxunto de intentos de procura de alternativas ao capitalismo, terminaría por manifestarse nunha experiencia real de transformación histórica que convulsionou no século XX gran parte do mundo occidental e oriental, e analizarase até que punto representaría unha derivación ou, pola contra, unha distorsión das ideas legadas polo gran pensador Karl Marx. Neste senso, a presente unidade didáctica recolle de maneira sintética unha serie de contidos e conceptos centrais e básicos á hora de comezar a comprender e estudar en máis profundidade os trazos e complexidade de dito conxunto ideolóxico.

Asemade, o carácter dos coñecementos aprendidos en dita unidade, xunto coas demais unidades pertencentes o bloque sobre ideas e ideoloxías políticas e movementos sociais contemporáneos constitúe unha base esencial para a comprensión e análise da política que se esixe na formación especializada de todo xornalista, complementándose deste modo cos contidos aprendidos en materias como Historia del mundo actual (1/1. FB)

Os contidos desta unidade didáctica diríxense ao alumnado de 1º ano do grao de xornalismo é constitúe unha materia de carácter obrigatorio dentro do plan de estudos do grao. A maior parte de ditos contidos desenvolveranse nunhas catro horas de docencia aproximadamente, das cales unha e media serán de carácter expositivo e as dúas e media de carácter interactivo.

OS OBXECTIVOS

1. Obxectivos xerais

Os obxectivos Xerais (**OX**) da materia «Institucións Políticas e Movementos Sociais Contemporáneos» son os seguintes:

O.X.1.- Coñecer e situar as principais teorías e paradigmas da ciencia política a través do estudo dos actores e as institucións políticas. Recoñecer algunhas das teorías e enfoques máis relevantes que xiran en torno a conceptos como política, poder, autoridade e lexitimidade.

O.X.2.- Introducción ás teorías sobre o poder e a súa lexitimación, a relación entre moral e política e comprender a complexidade do concepto de política.

O.X.3.- Comprender e assimilar os conceptos e nocións básicas para a análise política e aprender a construír un marco teórico e interpretativo para dita análise.

O.X.4.- Comprender a diferenza entre analizar a política dende un enfoque normativo e un empírico e aprender a ser conscientes a nivel subxectivo da súa utilización.

O.X.5.- Comprender a importancia dos debates centrais da disciplina así como desenvolver a capacidade crítica para adoitara unha postura razoada sobre os mesmos.

O.X.6.- Desenvolver a capacidade de análise e reflexión crítica da actualidade política e da ciencia política dende a elaboración razoada e desapaixonada dos argumentos e posturas e fornecer o vocabulario básico para exercer o xornalismo especializado na política, perfeccionándose na habilidade de elaborar argumentacións de calidade tanto no rexistro oral como escrito.

O.X.7.- Desenvolver a comprensión como actor político e cidadán dende o o fornecemento das habilidades necesarias para un debate público e democrático de calidade.

O.X.8.- Manexar como conceptos fundamentais a noción do estado como organización política e comprender a importancia da noción de sistema político.

O.X.9.- Coñecer os conceptos fundamentais para a análise dos procesos e estruturas políticas e administrativas en especial no que atinxe aos diferentes tipos de réximes e formas de goberno e tipos de estado; e analizar os diversas configuración dos sistemas de poderes: executivos e administración, parlamentos e poder xudicial.

O.X.10.- Adquirir un coñecemento fundamental do funcionamento das democracias contemporáneas e dos mecanismos de representación democrática en relación aos réximes non democráticos e ser capaz de analizar e valorar a nivel empírico as dificultades que atravesan os países en vías de democratización.

O.X.11.- Estudar os aspectos fundamentais dos sistemas de partidos e dos sistemas electorais presentes en todo sistema político dende unha perspectiva teórica e empírica.

O.X.12.- Coñecer os diversos modelos e sistemas de distribución territorial do poder analizando a súa complexidade e penetrándose nos principais debates contemporáneos suscitados sobre as vantaxes e inconvenientes de cada modelo.

O.X.13.- Coñecer as teorías principais sobre a relación política, a cidadanía, a acción política e adquirir unhas nocións fundamentais para comprender a natureza dos principais actores políticos: partidos, grupos de presión, medios de comunicación e dos movementos sociais contemporáneos (ecoloxismo, nacionalismo, feminismo, antiglobalización).

O.X.14.- Comprender o funcionamento dos principais compoñentes a nivel político e institucional que conforman o sistema político español, europeo e galego así como manexar os principais conceptos constitucionais a través dunha análise comparativa.

O.X.15.- Estudar a política en tanto resultado afondando no coñecemento do ciclo das políticas públicas, así como a dinámica da burocracia e administración pública, os grupos de presión e demais actores de políticas.

O.X.16.- Coñecer as principais familias de ideoloxías políticas dende a súa complexidade e variedade interna e entender a súa dinámica dende un coñecemento académico da dinámica das ideoloxías políticas. Introducirse no estudo dos pensadores, argumentos e conceptos máis significativos.

Para o tema 13 da materia –que constitúe o obxecto desta unidade didáctica– establécense os seguintes obxectivos específicos (O.E.):

O.E.1.- Comprender a complexa relacións entre as ideas, ideoloxías ou o pensamento na súas dimensións política social e económica coa realidade política en ditas dimensións e saber elaborar explicacións das transformacións das ideas e a realidade sobre a base de dita comprensión.

O.E.2.- Analizar as ideoloxías na súa dimensión espacial e temporal, atendendo aos significados dos conceptos no seu contexto específico e saber manexar os conceptos principais dos diversos modelos de estudo das ideoloxías.

O.E.3.- Manexar as diversas teorías que delinean o núcleo distintivo da morfoloxía ideolóxica do socialismo e ser capaz de contrastar na amplitude do nivel empírico a súa idoneidade.

O.E.4.- Coñecer as principais contribucións dos autores máis destacados da corrente do socialismo situando as súas ideas no seu propio transfondo contextual.

O.E.5.- Analizar as teorías e ideas políticas e económicas centrais do socialismo, en especial en torno ao estado de natureza, o individuo, a sociedade, e o estado.

O.E.6.- Estudar os principais trazos dos réximes e partidos comunistas do século XX no seo das específicas conxunturas histórico-xeográficas salientando as diferenzas entre a práctica dos gobernos comunista e as ideas de teóricos como Marx e Engels.

O.E.7.- Valorar os diferentes significados de conceptos políticos fundamentais atribuídos polas diversas correntes do socialismo, comparándoos cos manexados dende outras ideoloxías

O.E.8.- Afondar na complexidade da relación entre o socialismo e as outras ideoloxías contemporánea sobre a base dos significados dos conceptos centrais de ditas ideoloxías.

O.E.9.- Valorar o estatus do socialismo nas últimas décadas do século XXI no seo da complexidade dun espazo ideolóxico marcado polo fin da política dos bloques, a globalización, o auxe dos fundamentalismos e nacionalismos, así como polas demandas do multiculturalismo, os novos movementos sociais e a crítica posmoderna.

Estes obxectivos específicos, adiantan moitos dos contidos de cada un dos obxectivos xerais de carácter máis global, pero sobre todo irán encamiñados á consecución dos xerais 3, 6 e 16.

A METODOLOXÍA

Os contidos desta unidade didáctica desenvolveranse a través de clases expositivas e interactivas. Os contidos teóricos serán expostos coa axuda de medios audiovisuais como as proxeccións de presentacións con diapositivas e a realización de esquemas no encerado. Asemade, boa parte dos contidos teóricos desenvolvidos nas aulas estarán dispoñibles para todo o alumnado no Campus Virtual, onde xunto coas presentacións con diapositivas achegaranse os artigos e documentos que constitúen a bibliografía básica da unidade didáctica.

As clases prácticas centrarán boa parte da metodoloxía desta unidade didáctica. A dinámica será de tipo interactivo motivándose en todo momento a

continua participación dos alumnos a partir das instrucións sinaladas para tales efectos. Os soportes para o desenvolvemento das prácticas serán de tipo audiovisual e textual. Porase a dispor do alumnado tanto no Campus Virtual coma na aula os esquemas, instrucións e demais material pertinente e necesario para guiar ditas prácticas.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

1. Comentarios de texto

Nas sesións interactivas realizaranse comentarios de carácter individual ou en grupo sobre fragmentos de textos que xirarán en tornos a unha serie de cuestións e preguntas deseñadas co fin de aplicar os contidos aprendidos nas clases expositivas e de examinar as teorías dende un enfoque analítico. Algúns dos comentarios traeranse preparados xa da casa para facilitar a posterior posta en común das ideas nun debate en grupo na clase, e outros realizaranse de modo presencial logo da lectura ou visionamento do contido pertinente.

Os comentarios de texto servirán de estímulo para o comezo das reflexións sobre as cuestións teóricas centrais da unidade didáctica. Centraranse entre outros na análise de diversas liñas teóricas dentro do pensamento socialista co obxecto de identificar os conceptos e teorías fundamentais das principais variantes desta familia ideolóxica. Asemade analizarase o fenómeno político do comunismo dende a súa especificidade en tanto experimento histórico.

No anexo 1 amósasen, a modo de exemplo, algúns dos textos que serán materia de ditas clases interactivas.

2. Comentarios críticos a partir do visionamento de documentais ou películas

Xunto ao comentario de fragmentos de textos poderase suscitar asemade a realización dunha actividade práctica a partir do visionamento dalgún fragmento de películas ou documentais sobre o tema. O obxectivo da actividade será que o alumno visualice mellor os contidos da unidade. Dito visionamento comezarase a proxectarse na aula e continuarase na casa. Finalmente, procederase á elaboración dunha recensión crítica do material que permita ao alumno manexar os coñecementos adquiridos nun marco máis amplo e dinámico. O traballo será obxecto dunha posterior posta en común das ideas nun debate en grupo na clase.

No anexo 1 amósasen algúns dos documentais ou películas que serán propostos a modo de exemplo. Xa na aula ofrecerase a posibilidade de que os propios alumnos propoñan e opten por realizar a actividade a partir dalgún outro documental ou película de relevancia para o tema da súa suxestión.

3. Debates na aula a partir de cuestións de actualidade

Organizaranse un total de tres debates co obxecto de fomentar a capacidade argumentativa en torno a cuestións chave do contido desta unidade didáctica. Para tales efectos, organizaranse grupos de catro ou cinco alumnos aos cales se lles será asignada a defensa dunha particular liña argumentativa. Para a preparación de tales debates será preciso un labor previo de revisión bibliográfica co obxecto de apoiar a postura correspondente co maior número de argumentos posibles. O sentido da actividade é o de saber manexar nun sentido crítico e non ideolóxico os conceptos e teorías do socialismo no marco das demais familias ideolóxicas obxecto das seguintes unidades e valorar a permanencia e o cambio dos discursos e significados de dita ideoloxía política. Os debates realizaranse nas últimas clases que pechen os contidos desta unidade didáctica, en aras de que o alumnado poida aplicar así a totalidade dos contidos aprendidos á propia análise da actualidade.

4. Outras

Ao longo das clases expositivas intercalaranse actividades de breve duración dirixidas especificamente a ilustrar dunha forma máis visual o contido expositivo e motivar así o interese e participación do alumnado. Neste senso consideraranse exercicios colectivos que xiren en torno a definición de conceptos centrais da unidade didáctica co fin de estimular ao alumno a aproximarse a definicións máis complexas a nivel académico.

OS CONTIDOS BÁSICOS

Socialismo en tanto termo provén do latín *sociare* significando combinar ou compartir. O seu primeiro uso coñecido foi en 1827 en Reino Unido. Existe certa converxencia en sinalar a Pierre Leroux como o responsable de difundir en 1832 o termo na *Revue Encyclopédique*, utilizándoo para designar as ideas dos que até entón se denominaban reformadores sociais. Na década dos 40 era xa un termo familiar en países industrializados como Francia, Bélxica e os estados alemáns. Asemade, autores como Saint-Simon, Fourier ou Owen xa serían considerados como socialistas. O termo «comunismo» comezaría a utilizarse en Francia trala convulsa revolución de 1830, e en Gran Bretaña en torno ao 1840. Aínda que utilizadas ás veces de forma indistinta, «comunismo» sinalaría unha actitude máis militante e de loita, imaxe do cal sería o feito de que Marx e Engels utilizasen «comunista» para adxectar o seu famoso Manifesto.

Como ocorre con todas as ideoloxías políticas, os seus defensores buscan a lexitimidade das súas ideas no pasado mergullándose na historia política e intelectual en busca de primixenias formulacións das súas ideas, incorrendo tantas veces na descontextualización e a distorsión dos feitos históricos. Deste modo, as ideas trazadas na *República* de Platón (380 a. C.) ou na *Utopía* (1516) de Tomás Moro así como as expresadas ao carón de varios movementos milenaristas de inspiración

constitúen para moitos autores algúns dos antecedentes ou precursores máis salientables do pensamento socialista. Tamén dende outras ideoloxías procederíase a trazar a xenealoxía dos seus contrincantes ideolóxicos situándoos na estela de ideas pasadas e acontecementos históricos non moi honrosos.

Porén, o socialismo en tanto ideoloxía e movemento e político e social moderno xorde no século XIX, ao igual que as outras dúas grandes familias ideolóxicas do liberalismo e do conservadorismo, e farao no contexto dunha reacción aos resultados económicos e sociais que deixaría un capitalismo industrial trala súa expansión por toda Europa. A racionalización como actitude crítica ante a vida e a orde social, e a vontade de transformación social como revulsivo ante a experiencia da miseria e inxustiza social serían xunto outros factores os aspectos máis relevantes nesa conxuntura decimonónica da que xorde en varios países a resposta socialista. Neste senso, as primeiras manifestacións do socialismo únense o xurdimento dunha clase de traballadores industriais que estarían a sufrir as graves consecuencias dese primeiro estadio histórico do capitalismo industrial occidental, propoñéndose como solucións a revolución e a transformación radical do sistema económico. (Geoghegan, 1994)

Xa cara a finais do século XIX, co gallo dun certo melloramento das condicións de traballo das clases obreiras así como co avance das democracias, moitos partidos socialistas optarán por acomodarse ao sistema liberal capitalista propugnando non o cambio radical senón reformas substanciais do propio sistema. Esta tensión entre os partidarios dun enfoque revolucionario e os que avogarían por un de tipo reformista evidénciase na II Internacional estallando a tensión finalmente na Revolución Rusa de 1917 onde os primeiros terminarían adoptando o termo comunismo ou bolxevismo e os segundos o de socialistas ou socialdemócratas.

Durante o século XX o socialismo expándese a outros continentes carentes dos desenvolvementos dun capitalismo industrial e marcados pola experiencia do colonialismo. Trala súa imposición na Europa do leste posteriormente a segunda guerra mundial, o socialismo adóptase en China, Corea do Norte, Vietnam, Camboxa e Laos. A súa presenza nótase tamén en India co Partido do Congreso así como no xurdimento dun socialismo africano e árabe. En América central e do sur, trala instauración en 1959 do réxime castrista en Cuba, o socialismo emerxe como forza importante nas décadas dos sesenta e setenta en tanto revulsivo contra as ditaduras militares e a hexemonía norteamericana na zona.

En 1989 a maioría dos réximes comunistas do leste de Europa chegan á súa fin en gran parte pola acción de movementos populares. Estudantes rebélanse contra o goberno comunista na Praza de Tiananmen. En 1991 Gorbachev diríxese cara á democracia pluralista. En 1992 Yeltsin anuncia a fin da URSS e o partido comunista non terá xa formalmente ningún rol relevante.

1. Introducción ao estudo da ideoloxía política do socialismo

1.1. O socialismo: en procura da definición do concepto

Na actualidade diversas doutrinas teorías movementos e partidos denomínanse socialistas englobándose así baixo unha mesma denominación unha rica e infinita variedade de programas e ideas, dende o Partido Laborista británico até o Partido Comunista da antiga URSS. Deste xeito, moitos estudosos emprenden o estudo do socialismo dende a conciencia da súa diversidade no seo dunha certa unidade.

Dita unidade vén dada polo que nos estudos morfolóxicos das ideoloxías se identifica como núcleo ideolóxico. A igualdade é un concepto nuclear do socialismo, pero cada variante socialista ofrece diferentes definicións que van dende a igualdade de oportunidades ao uniformismo e á nivelación. (Sassoon, 2000) Deste modo, moitos académicos céntranse nas diferenzas, a través do estudo de personalidades e teorías en contextos concretos ignorando a posibilidade de encontrar similitudes que acerquen a diversidade de manifestacións concretas. Porén o significado do núcleo non está libre de ser disputado, o cal de feito complicaría deste modo aínda máis a cuestión de definición conceptual.

En termos xerais poderíase afirmar que toda crítica socialista se basea nalgunha forma de igualitarismo percibindo a maioría dos socialistas o capitalismo como unha forma histórica de sistema económico profundamente inxusta, cuxa concentración de riqueza e poder nunhas minorías condenaría a maioría á pobreza ou a marxinação. Neste senso todo socialismo atacaría dalgún modo ou outro as premisas liberais sobre a igualdade formal ao nivel constitucional opoñendo a necesidade de superar a desigualdade na realidade vital e cotiá de grandes capas da poboación. Dita idea de igualdade uniríase a un imperativo de xustiza, sendo así que a desigualdade equivalería a inxustiza.

Asemade, as prácticas e institucións que danan a sociabilidade e a cooperación son criticadas, e a retórica sobre a comunidade presente nas ideoloxías capitalistas é contrastada coa realidade da marxinação e o illamento, insistindo na necesidade de fornecer unha comunidade verdadeiramente xenuína. Tamén a concepción da liberdade marcaría distancias coa do liberalismo clásico, pois en lugar da liberdade en termos de ausencia de limitacións, formularíase a liberdade no senso de posibilidades de desenvolver a potencialidade de cada un dos individuos.

Estes tres significados atribuídos ás nocións de igualdade, liberdade e comunidade salientáanse de diferente modo e a crítica socialista ao sistema capitalista e liberal adquire así diferentes tonalidades.

A maiores, outros estudosos engadirían a noción da posibilidade de cambiar o mundo a través de axencia humana, avanzando na construción dun sistema igualitario baseado nos valores da solidariedade e a cooperación. Ideas, todas as cales se podería engadir a noción da estrutura da sociedade en termos de clase social, ou a desexabilidade da propiedade común.

É neste senso comprensible que proliferen clasificacións das correntes do socialismo como as de socialismo utópico, marxista, anarquista e unha larga lista de adxectivacións, segundo sexa descrita e prescrita a realidade política presente

e futura, segundo as actitudes cara o estado ou a propiedade, así como segundo as diverxentes definicións do valor da igualdade.

Dende outro enfoque, o socialismo estaría preso dunha tensión entre as súas diversas manifestacións debido en última instancia a unha incompatibilidade entre posicións derivadas dos diversos significados atribuídos a conceptos centrais do socialismo. Fronte outras ideoloxías, máis claramente fronte ao conservadorismo, o socialismo amosaría unha estrutura dual, en tanto xunto a unha formulación crítica do presente debuxaría unha proxección do futuro, derivándose así a multiplicidade de versións desexables do futuro a partir dunha tamén diversidade de descrições dos males do presente. Por outra banda, os camiños ao socialismo terían dende a teoría e a práctica ideolóxica transcorrido dende visións antagónicas, dando lugar a posibilidade de diferenciar entre un socialismo revolucionario e outro evolucionario. (Heywood, 2012)

A heteroxeneidade é tal que as dificultades derivadas de incluír, baixo unha mesma etiqueta terminolóxica e unha mesma ideoloxía, manifestacións tan diferentes provocaría serias dificultades á hora de estudar o socialismo, dificultades, por outra parte, comúns ao estudo do resto de ideoloxías.

1.2. O estudo da morfoloxía ideolóxica do socialismo

Esta aproximación de procura do núcleo central que comparten todas as variantes da familia ideolóxica do socialismo permite por exemplo apreciar que a mera defensa dos servizos públicos nunha democracia non implica necesariamente unha filiación socialista ou que a actividade de nacionalización e estatalización de servizos públicos, como, por exemplo, a practicada por parte de réximes que se auto proclaman socialistas como o do Partido Nacionalsocialista Alemán. (Prieto, 1996)

A procura dun núcleo permite tanto evitar o esencialismo consistente en esbozar os trazos ideais dun socialismo que ao ser puramente abstractos non responden a diversidade empírica de dita ideoloxía, como eludir o historicismo extremo que se deriva do estudo casuístico de cada manifestación socialista esquecendo os trazos máis ou menos comúns que unen a todas as súas manifestacións tanto xeográfica como historicamente. (Freeden, 1996)

Así, dende unha perspectiva morfolóxica adoitaríase a buscar as diferenzas entre diversas manifestacións socialistas nas diversas definicións atribuídas a cada un dos elementos que conforman a súa estrutura conceptual, unha estrutura que xiraría ao redor dun certo núcleo conceptual común á tradición de pensamento socialista. Un núcleo que, expresado dentro de certos límites en significados específicos de nocións centrais non sería, debe insistirse, algo totalmente fixo e absoluto pero si aproximativo á hora de englobar diversas correntes e expresións ideolóxicas na etiqueta de «socialismo».

2. Contextos históricos e teóricos: orixes do socialismo, Marx, comunismo e socialdemocracia

Ao longo deste capítulo, transmitirase a heteroxeneidade das manifestacións do socialismo, unha diversidade que abranguen dende as construcións intelectuais, teóricas e ideolóxicas, pasando polos partidos políticos ou os réximes e sistemas políticos, isto é, dende a teoría até a acción política. No referente aos aspectos teóricos, centraremos sobre todo nas concepcións políticas referentes á noción do estado e a política, ás ligazóns entre a noción de natureza humana e cambio e transformación política, a noción da sociedade en relación ao individuo, a idea de xustiza, as nocións de liberdade e igualdade, que forman as premisas do proxecto teórico de destrución, alternativa ou modificación do capitalismo. Por acción política máis directa entenderemos os partidos, movementos e asociacións sindicais até a conformación das Internacionais e a creación e colapso dos proxectos de réximes políticos, constitúen a rica, influente e complexa manifestación dun dos intentos reais máis radicais de transformación da realidade política tanto en occidente como no mundo non occidental.

2.1. Orixes do socialismo

As primeiras manifestacións do socialismo moderno verán o seu carácter marcado polas condicións inhumanas e terribles nas que vivía a clase traballadora industrial do primeiro capitalismo moderno. Recolle en dito sentido, o espírito ilustrado da idea de que a sociedade debe e pode ser reformada cara a unha condición de progreso dende o uso das capacidades racionais do ser humano. Procura dunha alternativa en moitos casos radical e incluso revolucionaria á sociedade do mercado liberal, en especial ás políticas do *laissez-faire* e ás pésimas condicións de traballo das novas clases obreiras.

2.1.1. O Socialismo premarxista

En Gran Bretaña é onde xorde a primeira gran manifestación do movemento obreiro dadas as súas condicións de temperá e profunda industrialización. Entre 1799 e 1800 o goberno de Pitt prohibe asociacións obreiras e o terminar as guerras napoleónicas a situación do proletariado é penosa. Destacan pensadores e activistas como William Godwin (1756-1836) ou Robert Owen (1771-1858), así como o movemento do Cartismo xurdido en 1836.

No continente, as clases traballadoras só se constituirían como clase independentes en torno a 1848. En Francia o socialismo responde na primeira metade do século XIX á importante transformación da súa sociedade e sobre todo no económico, pero en tanto se manifesta antes de constituírse plenamente un movemento obreiro, adquire unha natureza máis utópica e fantasiosa.

Babeuf (1760-1797) é un dos máis importantes precursores ao elaborar, antes de despuntar unha sociedade industrial e capitalista, ideas como a técnica

insurreccional ou a ditadura revolucionaria provisional. Posteriormente, Fourier (1772-1837) será coñecido por idear o famoso proxecto dos falansterios; outros pensadores decisivos serían Cabet (1778-1856); Blanc (1811-1882) ou Blanqui (1805-1881).

Nos países alemáns non se experimentou unha revolución política nin unha revolución industrial polo que as idas socialistas eran profesadas unicamente por académicos e intelectuais e algúns activistas que se verán abocados ao exilio. Destacan fenómenos como a Liga dos Xustos reformulada en Liga dos Comunistas que busca a vinculación entre cristianismo e comunismo, e a formación da esquerda hegeliana como un grupo de xoves do que destaca Feuerbach (1804-1872) que reivindicaban a dialéctica hegeliana como forma de opoñerse ao réxime prusiano.

Pero entre todos os grupos habería importantes diverxencias. Os fourieristas e os owenianos deseñaban a creación de comunidades baseadas na felicidade e benestar e non na competencia. Os saintsimonianos crían na organización e planificación científica a grande escala desexando converter ao estado nación nunha gran corporación dirixida por científicos e técnicos encargados de implantar de forma centralizada o cambio e o desenvolvemento produtivo. Así, os primeiros relegaban da política ao nivel oficial mentres que os segundos avogaban pola conquista da autoridade gobernamental. Asemade, os seguidores de Fourier baseaban as súas propostas no cultivo intensivo da terra, os seguidores de Owen defendían un equilibrio entre o relanzamento agrícola e industrial, e os saint-simonianos centráronse nas grandes obras públicas, nas finanzas e por tanto na planificación centralizada e a grande escala da economía.

Non obstante, estas primeiras expresións do socialismo, manterían todas elas a común hostilidade ao individualismo, a competencia como principio regulador da economía, e defenderían a organización colectiva da sociedade e economía dende o obxectivo da cooperación e o benestar dos individuos. (Cole, 1957)

2.1.2. O primeiro anarquismo

Pierre-Joseph Proudhon (1809-1865), dende o seu antipolicitismo e antiestatalismo.

Mijail Bakunin (1814-1876) idea do ser humano, a crítica do capitalismo, a noción da sociedade emancipada, a idea da organización da sociedade trala desaparición do estado.

O anarquismo como se verá en detalle na unidade didáctica 14 englobaría diversas correntes baixo o seu paraugas ideolóxico, correntes que abrangerían dende defensa da comunidade total de bens, traballo e distribución, até a defensa rotunda do libre mercado. Así, a tensión entre o pacifismo, o individualismo extremo ou a acción directa e revolucionaria dos traballadores caracterizarían as diverxentes formas de encarar a transformación social por parte desta corrente.

As relacións entre anarquistas e marxistas será bastante tensa dende a formación da I internacional até a súa disolución en 1872.

2.2. Marx

Karl Marx (1808-1883) constitúe unha sorte de referente primordial e universal do pensamento socialista en todo o mundo.

Na súa «*Crítica á filosofía do dereito de Hegel*», de 1844, Marx revisa a doutrina hegeliana sobre o estado e o dereito. Marx será coñecido por elaborar unha inversión do postulado hegeliano: as relacións sociais que serían para Hegel fenoménicas obxectivacións momentáneas do espírito serían pola contra, plenamente reais para Marx. Influído polos xoves hegelianos pero fronte a estes, que verían a relixión e a filosofía como formas de alienación, Marx erixirá ao diñeiro como o verdadeiro culpable da ausente liberdade dos seres humanos, algo que desenvolverán ademais na súa obra *Sobre a cuestión xudía* (1844). Sinalando ao diñeiro como culpable, só faltaría situar as clases proletarias como os verdadeiros instrumentos en conseguir a fin da alienación. As clases proletarias terían un carácter universal e neste sentido non sendo unha clase particular, serían o actor máis idóneo para levar a humanidade a un final emancipatorio. Neste sentido, a crítica filosófica non sería suficiente, idea que desenvolverá na súa teoría materialista da historia, posteriormente denominada por seguidores marxistas, a teoría do «materialismo dialéctico». A teoría da historia de Marx delinea unha visión do ser humano nun estado de alienación, presos de forzas que non entenden nin controlan, pero que, á súa vez, son produto dos poderes produtivos dos homes. A historia sería así a narrativa dunha verdadeira loita de clases, onde as estruturas materiais se ben non determinan si condicionan o desenvolvemento histórico. O proletariado como clase con capacidade revolucionaria.

Nos seus *Manuscritos Económicos e Filosóficos* (1844) critica a economía política da burguesía por primeira vez, misión de crítica ao capitalismo que continuará na súa magna obra *O Capital* (1867...) onde, seguindo e refutando ao mesmo tempo a tradición de economía clásica, formulará teorías tan paradigmáticas como as que xiran sobre a explotación capitalista, a plusvalía ou as crises recorrentes do capitalismo.

No tocante á noción de Estado manexada por Marx cómpre salientar como o modelo máis autoritario de Estado que formula é deseñado en obras como o *Manifiesto comunista* (1848) ou a *Crítica ao programa de Gotha* (1875) onde se fornecen conceptos tan decisivos como o de “ditadura do proletariado”, e deséñase como obxectivo final do proxecto político a construción do comunismo como unha sociedade de homes libres, onde o estado xa non existiría, e a sociedade vivirían na abundancia. Sobre a base da idea da política como epifenómeno das relacións económicas, defende que o estado xurde como instrumento de dominación dunha clase sobre outra. Noutras ocasións, pola contra, atópanse no seu pensamento matices ao propugnar certa autonomía do Estado, como o mostrarían certas pasaxes da obra, *O 18 Brumario de Luís Bonaparte* (1852).

O Marxismo, como concepto a manexar para distinguir a obra de Marx da súa recepción e posterior desenvolvemento, desenvólvese en varias direccións. A obra de Marx é tanto obxecto de espírito crítico, como fonte de inspiración, obxecto de estudo académico e tamén de instrumentalización política. A obra de Marx, inspira,

neste sentido múltiples lecturas políticas é non debe ser reputado como propio del moitas desas diversas interpretacións e reformulacións.

En tanto un corpo de pensamento codificado, o marxismo existe dende a morte de Marx en 1883. Os encargados de sistematizar o seu pensamento foron Engels, Kautsky e Plekhanov. Este marxismo ortodoxo faría unha interpretación de Marx dando énfases ao determinismo e ás teorías mecanicistas. Pero a obra de Marx non deixaría de ser dende entón obxecto de múltiples e contraditorias interpretacións.

2.3. Comunismo

Dende unha perspectiva académica deuse en convir que o socialismo sería o *genus* do cal o marxismo e o anarquismo serían *species*. O comunismo sería máis ben unha práctica ideolóxica vinculada aos réximes e partidos comunistas e non en si mesmo unha ideoloxía.

Se ben na historia das ideas «socialismo» e «comunismo» utilizáronse como termos intercambiables, parece que xa a mediados do XIX establécese algunha distinción en base ao enfoque cara ao cambio e á transformación social propugnado, asociándose o termo «comunismo» a intencións máis revolucionarias que o «socialismo», así como a actores políticos máis activistas e non tanto de carácter intelectual. Deste modo, Marx e Engels autoproclámanse «comunistas» para debuxar dun modo máis claro as súas intencións. (Jordi Guiu, 2005).

Os partidos comunistas que aceptan o liderado de Moscova únense xa moito cedo á Internacional comunista ou *Comintern* en 1919. Os partidos comunistas vinculados coa experiencia soviética loitan pola resistencia democrática e antifascista na Europa Occidental así como serven de catalizadores das loitas antiimperialistas e de liberación nacional en países do terceiro mundo. Ao menos ata finais da década dos 60, seguiron sendo maioritariamente fieis ao modelo soviético. Seguindo en gran parte este modelo confórmanse os réximes políticos da Europa do Leste despois de 1945, así como China en 1949 ou Cuba en 1959. O comunismo é para moitos o marxismo en práctica, mentres que segundo outros constituiría precisamente a máis clara distorsión e perversión dos seus postulados.

2.3.1. Lenin

O pensamento de Lenin (1870-1924) asóciase á Revolución Bolxevique de 1917 e á experiencia das repúblicas socialistas que reclaman o marxismo-leninismo. Antes da Revolución Rusa, é o encargado de desenvolver as ideas de Marx sobre o Estado. A experiencia do poder lévao a unha conxunción paradigmática da súa interpretación da teoría marxista e a experiencia práctica.

Á tese de que as condicións da revolución socialista (máis pacífica ou violenta) dábase nos países capitalistas desenvolvidas oponse tanto Lenin como Trotski, ou Luxemburg. Pese ao escaso capitalismo en países agrarios, a constitución dunha clase obreira combativa sería en todo caso a condición suficiente e necesaria para

levar a bo termo a revolución. Todo o cal levan a Lenin a reflexionar en profundidade sobre o desenvolvemento do capitalismo nas condicións do país ruso.

O escaso proletariado en Rusia esixe necesariamente a reflexión profunda sobre cuestións relacionadas coas condicións políticas da revolución: temas como as alianzas, as fases ou etapas, a organización da vangarda revolucionaria, ou carácter nacional ou internacional do movemento. A táctica e os medios pasan a a ser deste modo o principal obxecto de disputa entre as correntes socialistas.

A súa importante obra *O Estado e a Revolución (1917)* concibe definitivamente ao Estado como o instrumento de violencia da burguesía. A Revolución socialista, sería neste senso necesariamente violenta. Pero o Estado socialista actuaría en realidade como un semi-estado que prepararía a súa progresiva extinción. Os soviets convertidos no novo poder estatal serían agora o instrumento de dominación dunha maioría sobre unha minoría.

2.3.2. Stalin

Leon Trotski (1879-1940) e Stalin son contemplados como os dous grandes antagonistas das disputas protagonizadas entre os que crían que a revolución debía ser un proceso revolucionario mundial e aqueles para os cales o primeiro obxectivo sería o de erixir a URSS como o primeiro referente dun estado obreiro. Stalin (1879-1953) controlaría a III Internacional e elaborará unha particular versión del marxismo que se converteu no punto de referencia de moitos revolucionarios. Con Stalin o pensamento de Marx, que reflectía unha vocación científica, histórica, crítica e revolucionaria, convértese nun sistema pseudocientífico e doutrinal. Responsable máximo da difusión dunha versión dogmática e caricaturizada do marxismo convertido nunha sorte de ideoloxía de Estado, Stalin debe ser recoñecido sobre todo pola súa formulación da doutrina do «socialismo nun só país». Unha doutrina que de modo orixinal combinaría a noción marxista de guerra de clases e as ideas do nacionalismo ruso. A colectivización e o socialismo de estado, a industrialización, ou a eliminación dos gulags, os plans quinquenais, así como a enorme represión levada a cabo durante os anos de terror serán uns dos trazos que caracterizarán o mandato de Stalin.

2.3.3. Trotski

Estudaranse as ideas de Trotski (1879-1940) e, en particular, a súa teoría sobre a revolución permanente, como unha das contribucións críticas máis importante desenvolvida dentro do comunismo, unha crítica dos problemas que suscitaría a concepción do partido en Lenin e a dinámica de burocratización do estalinismo sobre as posibilidades de emancipación do proletariado.

2.3.4. Mao

Mao dá nome ao maoísmo como o movemento que levou a cabo o intento máis espectacular de instaurar o comunismo nun inxente país de base agraria. O Gran Salto Adiante ou a Revolución Cultural son dous dos grandes fitos polos que será retratado este intento histórico no que o proxecto revolucionario se constrúe dende os principios da filosofía chinesa, a énfase na cuestión agraria, ou a combinación de Comunismo e nacionalismo, dando así lugar a unha conxunción intelectual e política enormemente orixinal.

2.3.5. Comunismo en Cuba

En 1959, en Cuba triúnfase a guerrilla con Fidel Castro á cabeza dun novo proxecto revolucionario. Esta nova expresión comunista e revolucionaria caracterizaríase por trazos como un forte igualitarismo, un forte antiimperialismo, unha oposición ao revisionismo soviético, así como un claro posicionamento a favor do internacionalismo.

2.3.6. Comunismo e democracia

Nesta epígrafe verase como diversos teóricos se encargarían de desenvolver o pensamento comunista introducindo pouco a pouco a reflexión normativa sobre a democracia no seo do propio comunismo. Tanto en relación ás novas concepcións en torno á organización do partido como á idea da política dos frontes populares, estes pensadores distanciaríanse así da ortodoxia de Lenin e Stalin. Neste senso a contribución de autores como Gramsci (1891-1937) será decisiva.

2.4. Socialdemocracia

A «socialdemocracia» constitúe a forma dominante do socialismo occidental no século XX en tanto representa a oposición máis clara do capitalismo e o liberalismo e conservadorismos políticos e tamén á propia tradición marxista, sendo así que a divisoria no seo do socialismo entre o marxismo e a socialdemocracia é unha das características fundamentais da historia do século XX. (Wright, 1993)

Na práctica actual a maioría dos partidos socialistas, laboristas e socialdemócratas da Europa occidental afástanse dos primixenios obxectivos socialistas e do marxismo, centrándose fundamentalmente na mellora das condicións de vida dos traballadores no seo do propio sistema capitalista e erixíndose nos máis firmes defensores do Estado de Benestar.

2.4.1. A socialdemocracia clásica

A social democracia ten as súas orixes na tradición de pensamento iniciada por Lasalle (1825-1864), e escenifícase co gallo da celebración do congreso de

unificación das asociacións obreiras alemáns lideradas por Liebknecht, Bebel e Lasalle na cidade de Gotha en 1875. Neste congreso apróbanse as liñas de actuación para o movemento obreiro criticadas por Marx na coñecida *Crítica a o programa de Gotha*. Desta forma enfróntanse dúas concepcións distintas: unha vía, a reformista, avogaría pola reforma democrática do estado, so sufraxio universal, a reforma laboral, o reparto igualitario, e outra, seguindo a Marx, defendería a superación da sociedade de clases mediante a revolución e o posterior establecemento da sociedade comunista. Xa seguidamente á IGM, cando se escenifica que a nación e non a clase é o obxectivo do proletariado, e trala vitoria do bolxevismo en 1917, a ruptura entre as dúas vertentes do socialismo é definitiva.

Estudárase nesta epígrafe as ideas principais de Eduard Berstein (1850-1932), en tanto responsable de articular unha alternativa reformista e democrática á vía revolucionaria marxista, unha verdadeira alternativa ou incluso, unha ideoloxía diferente, e non, segundo algúns, unha mera revisión do marxismo (Wright, 1993). Ademais, veranse as contribucións de Rosa Luxemburg (1871-1919), o socialismo fabiano, o historiador Richard Henry Tawney (1880-1962) e o fundador da socialdemocracia sueca Ernst Wigforss (1881-1977).

Asemade analizárase como a obra de Keynes (1883-1946) serve de fundamento para o proxecto socialdemócrata da posguerra, un proxecto no que o que daría en coñecerse como compromiso socialdemócrata caracterizaríase por elevar ao capitalismo reformado como o destino final.

Esta epígrafe estudará así a socialdemocracia en tanto concepción política dominante no movemento obreiro ata 1914, así como unha das principais correntes que se perfilará xunto ao marxismo-leninismo na familia ideolóxica do socialismo durante o século XX. Unha corrente onde para moitos dos seus protagonistas, a democracia pasará de considerarse un medio para constituír un fin.

2.4.2. Terceiras Vías

Nesta epígrafe estudárase o xurdimento das Terceiras Vías como anticipo das manifestacións derradeiras da socialdemocracia. As denominadas terceiras vías, reflectidas paradigmáticamente en boa parte das liñas programáticas dos gobernos de Bill Clinton e Tony Blair (1994), veñen indicar a reformulación de boa parte dos postulados socialistas clásicos dentro dunha común aceptación das premisas do sistema económico capitalista. Para moitos as terceiras vías indicarían a necesidade dos socialismos de reformularse tralo colapso do coloso soviético, mentres que para outros significaría máis ben unha manifestación da continuación do legado dos gobernos neoliberais previos, algo que deixaría ás esquerdas alternativas como únicas verdadeiras respostas á dereita capitalista. (Sanmartín, 2004)

3. Socialismo e comunismo no século XXI

Moitos anunciarían que dende os 90 o socialismo sería unha ideoloxía sen futuro. Dende a caída do Muro de Berlín, un coro de voces sumaríanse ás afirmacións

de Fukuyama en diversas variantes da teoría do fin da historia. Trazando case a inexorabilidade do liberalismo democrático e do sistema capitalista como único horizonte posible e converxente a nivel global, a pervivencia de réximes comunistas como o chino, o de Corea do Norte ou Cuba sería a excepción que confirmaría a regra. Os cambios na clase obreira asociaríanse á perda da base social do socialismo, a globalización co fin das políticas independentes do estado, o colapso do comunismo na URSS e Europa do Leste anunciaríanse como un ataque frontal á ideoloxía socialista e posmodernismo afirmarían o fin da credibilidade das ideoloxías modernas. Pero o socialismo, como o fixo ao longo da súa dilatada historia tan só precisa adaptarse e afrontar o cambio, tal e como fixeron, fan e farán todas as grandes ideoloxías políticas da modernidade (Sassoon, 2000) e servirá de recordatorio da escasa fiabilidade dos modelos triunfalistas que presentan ao liberalismo como o único modelo posible de organización social así como as teorías deterministas do fin da historia. O socialismo que “sobreviva” será para algúns un socialismo que, reformulando e revisando o legado de Marx, renegue do centralismo e autoritarismo burocrático do fracasado proxecto soviético. Para outros, en cambio, seguirá combinando as contribucións máis revolucionarias de dita familia ideolóxica.

No tocante ás ideas e non tanto á vertente política e real do socialismo, a refutación do marxismo e as ideas socialistas, sobre todo dos seus presupostos económicos, ten no pensamento liberal e neoliberal un importante

Non obstante, máis aló de sinalar a necesidade de adaptar numerosos compoñentes teóricos e ideolóxicos, outros pensadores salientan máis ben a actualidade do socialismo fronte a obsolescencia do capitalismo, existindo dende fai décadas neste sentido diversas e múltiples propostas teóricas de reformulación do marxismo e socialismo dentro do que adoita denominarse como as esquerdas.

Neste senso a procura do socialismo no século XXI segue reunindo en torno a si moitas correntes diferentes e enfrontadas. Nesta epígrafe delinearánse algunhas das moitas direccións existentes destes intentos de reformulación ideolóxico política dos socialismos.

3.1. Críticas, defensas e reformulacións do socialismo

Neste apartado, contemplárase unha serie de respostas, construtivas e destrutivas, ao marxismo e o socialismo formuladas ao longo do século XX.

En primeiro lugar, estudaremos a crítica ao socialismo formulada por tres escolas de pensamento ligadas á reformulación do pensamento liberal: a Escola de Chicago, Austríaca. En especial, estudaremos como a partir da obra do economista Eugen von Böhm-Bawerk e Carl Menger a finais do XIX e, no século seguinte, das teorizacións Ludwig von Mises e Friedrich Hayek —catro dos grandes autores do que daría en denominarse «escola austríaca de economía»— sentaríanse as bases dunha potente crítica liberal ás bases económicas e tamén éticas e políticas do socialismo. Unha crítica que moitas veces non só terá como obxectivo a obra de Marx e o marxismo senón todo o conxunto de manifestacións teóricas e políticas

do socialismo, incluíndo as variantes social-demócratas así como certas premisas socialistas presentes en correntes de pensamento conservadoras. (Hoppe, 2013)

En segundo lugar, analizaranse as obras dos teóricos máis importantes á hora de relativizar algunhas das máis representativas premisas do marxismo. Por unha parte, dentro do que se considera como o propio marxismo, xorde unha serie de intentos de infundir nova vida no corpo de presupostos marxistas. A obra de Luxemburgo, Lukács ou algúns dos pensadores da Escola de Frankfurt poderíase interpretar neste sentido. Por outro lado, verase como o fenómeno da posmodernidade converterase nunha pauta cultural na que, denunciando a inxustiza e opresión derivadas da modernidade e manifestándose unha intensa crítica ás grandes narrativas e as teorías de espectro universal, as premisas da posibilidade dunha orde total serán sometidas aos máis duros ataques. Neste sentido, o marxismo sufrirá unha seria ameaza. Asemade, influídos polo posestructuralismo, o posmodernismo así como os feminismos de nova xeración, a obra de Laclau e Mouffe purán as bases dunha reorientación do pensamento marxista que será enormemente influente. Neste sentido moitas destas orientacións contribuirían a conformar un posmarxismo que tería como trazos comúns o rexeitamento dos aspectos totalizadores da teoría de Marx, a subordinación e control do individuo polo sistema comunista así como a defensa do escepticismo, a diferenza, a pluralidade ea espontaneidade (Sim, 2000), servindo como baluartes dos novos movementos sociais que estruturarán a política contemporánea dunha forma tan importante así como de gran parte das respostas protagonistas no eido da esquerda, tal e como o reflectiría o recente fenómeno dos «indignados».

Por último, estudarase os argumentos máis relevantes que autores como Terry Eagleton (2011) na súa obra *Why Marx was Right* ofrecerían para defender a día de hoxe a actualidade tanto do pensamento de Marx, como, por extensión de boa parte das correntes do marxismo e do socialismo en xeral.

3.2. O modelo comunista de China

O comunismo chinés dende os seus comezos foi máis pragmático que o practicado na URSS ou Europa do Leste, en tanto, máis centrados nas reformas económicas exitosas, non confiaría cegamente no éxito rápido do proxecto comunista. Con amplas taxas de crecemento e o consumo, e xunto a outros factores, China convértese nunha súper potencia que disputaría a hexemonía mundial a EUA. Esta combinación de sistema económico capitalista cun sistema político autoritario e comunista funcionou sorprendentemente ben durante varias décadas, baseando a súa lexitimidade nos elevados estándares de vida dunha parte importante da súa poboación. Porén, o equilibrio podería estarse quebrando, ao poñerse de manifesto a contradición existente coa ausencia dun sistema democrático e garante dos dereitos e liberdades dos cidadás. (Holmes, 2009)

3.3. O «Socialismo do século XXI»

Acuñado orixinariamente por Heinz Dieterich Steffan (2006), o socialismo do século XXI como concepto é difundido por Hugo Chávez en 2005 no V Foro Social Mundial, tendo como países que representarían dita concepción Venezuela, Ecuador ou Bolivia. Esta visión solábase co fenómeno do populismo de esquerdas en boa parte de latinoamérica, ofrecendo unha complexa reformulación do socialismo na actualidade.

AVALIACIÓN

1. Avaliación procesual

Ao remate de cada sesión interactiva o alumnado, de modo individual ou en grupo segundo o caso, entregará os resultados do seu traballo previamente comentado e debatido na aula. Os resultados destas probas avaliaranse tendo en conta o grao en que o alumnado é capaz de aplicar os conceptos e teorías aprendidos nas clases, a capacidade de desenvolver unha postura teórica propia e de analizar e razoar criticamente os supostos, textos ou documentos propostos.

2. Avaliación final

Os contidos teóricos desta unidade didáctica avaliaranse no exame final conxuntamente co resto de contidos da materia. Constituíndo boa parte dos contidos desta unidade didáctica, xunto aos da anterior, un eixe importante do bloque dedicado ás ideoloxías políticas dentro da materia, a súa avaliación pode, segundo o caso, ser transversal á realización das preguntas ou dos exercicios de carácter teórico-práctico que sexan o obxecto do exame final.

BIBLIOGRAFÍA

- BERNSTEIN, Leonard (1990[1922]): «¿Qué es el socialismo?», en Socialismo democrático. Madrid: Tecnos.
- BLAIR, Tony (1994): *Socialism*. London: Fabian Society.
- COLE, Georges Douglas (1957): *Historia del pensamiento socialista I: los precursores 1789-1850*. México: Fondo de Cultura Económica.
- EAGLETON, Terry. (2011). *Why Marx was right*. Yale: Yale University Press.
- FREEDEN, Michael (1996): *Ideologies and political theory: A conceptual approach*. Oxford: Oxford University Press.
- GEOGHEGAN, Vincent (1994): «Socialism», en ECCLESHALL, Robert (ed) (1994) *Political ideologies: and introduction*. London: Routledge
- GUIU, Jordi (2005): «El socialismo» en CAMINAL, Miquel (2005) *Manual de Ciencia Política*. Madrid: Tecnos.

- HEYWOOD, Andrew (2012): *Political ideologies: An introduction*. New York: Palgrave Macmillan.
- HOLMES, Leslie. (2009). *Communism: A very short introduction*. Oxford: Oxford University Press.
- HOPPE, Hans-Hermann. (2013). *A theory of socialism and capitalism: economics, politics, and ethics*. New York: Springer Science & Business Media.
- LENIN, Vladímir Ilich (2006 [1917]): El estado y la revolución. Madrid: Alianza Editorial.
- MARX, Karl e Friedrich ENGELS (1848): *O manifesto comunista* Vigo: Edicións Xerais 2015 (edición electrónica)
- McLELLAN, D. (ed) (2000). Karl Marx: selected writings. Oxford: Oxford University Press
- PRIETO, Fernando (1996): *Manual de historia de las ideas políticas*. Madrid: Unión Editorial.
- SASSOON, Donald (2000): Socialism in the twentieth century: an historical reflection. *Journal of political ideologies*, 5(1), 17-34.
- SANMARTÍN, Israel (2004): «Las terceras vías de la socialdemocracia durante los años 90». *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LI (117), 375-403
- STEFFAN, Heinz Dieterich (2006) *Socialismo del Siglo XXI*. Traducción disponible en <http://www.rebellion.org/docs/121968.pdf>
- WRIGHT, Anthony (1993): «Social Democracy and Democratic Socialism», en EATWELL Roger y Anthony WRIGHT (1993): *Contemporary Political Ideologies*, 78-99. London: Pinter publishers.

ANEXOS

1. Exemplos de textos

Comentario de Texto 1)

O diñeiro é o valor universal e autoconstituído de todas as cousas. Deste modo, despoxo ao mundo enteiro e á humanidade así como á natureza do seu propio valor. O diñeiro é a esencia do traballo e a vida do home, e esta esencia alienada domínalo e el, a cambio, venéralo. [...] Tal e como a filosofía atopa as súas armas materiais no proletariado, o proletario atopa as súas armas intelectuais na filosofía.

Na produción social da vida, os homes entran en relacións definitivas que son indispensables e independentes da súa vontade; estas relacións de produción corresponden a un estadio definitivo do desenvolvemento dos seus poderes materiais de produción. A suma total destas relacións de produción constitúen a estrutura económica da sociedade –o fundamento real, do cal xorde a superestrutura legal e política e á que lle corresponden formas definitivas de conciencia social. O modo de produción da vida material determina o carácter xeral dos procesos sociais, políticos e espirituais da vida. Non é a conciencia dos homes a que determina a súa existencia, senón, polo contrario, a súa existencia social a que determina a súa conciencia. [...] Nun estadio determinado do seu desenvolvemento, a forzas materiais de produción na sociedade chocan en conflito coas relacións existentes de produción...ou coas

relacións de propiedade para as cales traballaron antes. A partir de formas de desenvolvemento das forzas de produción, estas relacións convértense nas súas cadeas. Así comeza un período de revolución social.

MARX, Karl (1848) «The Jewish Question» e «Preface to a contribution to the critique of political economy» en McLellan, D. (ed) (2000). *Karl Marx: selected writings*. Oxford: Oxford University Press

A nosa época, a época da burguesía, distínguese, emporiso, por ter simplificado os antagonismos de clase. Toda a sociedade vai dividíndose, cada vez máis, en dous grandes bandos inimigos, en dúas grandes clases directamente enfrontadas: a burguesía e o proletariado.

MARX, Karl e Fridrich ENGELS (2015 [1848]) *Manifesto Comunista* Vigo: Edicións Xerais.

Preguntas para orientar o comentario:

- 1) Que concepción do ser humano e do proletariado se infere da lectura dos fragmentos? Compáreas coas manexadas dende a teoría liberal clásica.
- 2) Que nocións de historia e filosofía impregnan as contribucións intelectuais de Marx?
- 3) Cal é a causa pola que o capitalismo funciona mal segundo Marx?
- 4) Cales son os pasos que deben seguirse para a consecución da sociedade comunista?
- 5) Comenta os anteditos fragmentos ao fío das controversias dentro do marxismo máis significativas.

Comentario de Texto 2)

[...] ...os membros de calquera comunidade poden en certo grao ser adestrados para vivir sen enfermidade, sen pobreza, sen crime, e sen castigos, pois cada un destes aspectos é o efecto do erro en varios sistemas existentes no mundo. Todos eles son necesariamente consecuencias da ignorancia.

OWEN, Robert (1813-1816) *Unha nova visión da sociedade*. (fragmento traducido ao galego)

Dispoñible en: <https://archive.org/details/aneviewsociety00owengoog>

O Estado é o produto e a manifestación do carácter irrenunciable das contradicións de clase. O estado xorde no sitio, no momento e no grao en que as contradicións de clase non poden, obxectivamente conciliarse. E viceversa: a existencia do Estado demostra que as contradicións de clase son irreconciliables. [...] A substitución do Estado burgués polo Estado proletario é imposible sen unha revolución violenta. [...] A supresión do Estado proletario, é dicir, a supresión de todo Estado, só é posible por medio dun proceso de «extinción». [...] A transición do capitalismo ao comunismo non pode, naturalmente, máis que proporcionar unha

enorme abundancia e diversidade de formas políticas, pero a esencia de todas elas será necesariamente unha: a ditadura do proletariado.

LENIN, Vladímir Ilich (2006 [1917]): *El estado e la revolución*. Madrid: Alianza Editorial. (fragmento traducido ao galego)

Os obreiros dedícanse a distintos oficios, traballan en diversas fábricas, e por iso é inevitable que, en ocasións, teñan intereses contrapostos. A solidariedade realízase no seo do Estado a través da loita política, e esta só pode realizarse pola clase obreira co maior éxito posible na democracia. A abolición de todo privilexio de clase: ese é o dereito político fundamental da clase obreira. Algúns cidadáns illados poden actuar sobrepoñéndose a uns intereses de clase, loitar por razóns ideolóxicas pola consecución da democracia total. Pero ningunha clase social pode loitar en todos os terreos tan incondicionalmente e sen reserva pola democracia como a clase obreira. Porén, a democracia vai aínda moito máis lonxe. A democracia transfírese ao ordenamento xurídico enteiro e a toda unha serie doutras institucións públicas máis. Aprema con toda urxencia a suprimir todos os monopolios capitalistas ou a despojarlles de dito carácter. Intensifica a organización dos obreiros como partido, a organización dos obreiros como clase con vistas á loita económica, aumenta as esixencias fronte ao Estado e aos municipios. Alí onde os obreiros gozan do pleno dereito de sufraxio democrático e adquiriron unha conciencia a de clase demandarán ao Estado esixencias cada vez maiores de índole cultural, que farán necesaria a dedicación de maiores fondos tamén. ...o sufraxio democrático constitúe o gran resorte que pode utilizar a clase obreira para acadar maiores dereitos, así como máis medidas con vistas a reformar a sociedade.

BERNSTEIN, Leonard (1990[1922]): «¿Qué es el socialismo?», en *Socialismo democrático*. Madrid: Tecnos.

De conformidade cos intereses dos traballadores e co fin de fomentar a iniciativa da organización e a actividade política das masas populares, garántese aos cidadáns da URSS o dereito de agruparse en organizacións sociais: sindicatos, asociacións cooperativas, organizacións xuvenís, deportivas e de defensa, sociedades culturais, técnicas e científicas. Os cidadáns máis activos e máis conscientes que forman parte da clase obreira, dos campesiños traballadores e dos intelectuais traballadores agrúpanse voluntariamente no Partido Comunista da Unión Soviética, destacamento de vangarda dos traballadores na súa loita por edificar a sociedade comunista e núcleo dirixente de todas as organizacións dos traballadores, tanto sociais como do Estado.

Artigo 126 da Constitución da URSS 1936 (fragmento traducido ao galego)

Dispoñible en: (<https://www.marxists.org/espanol/tematica/histsov/constitucion1936.htm>)

Unha vez o socialismo é definido deste modo como un conxunto de principios e crenzas baseadas na noción dunha sociedade forte e activa como condición necesaria para o avance individual, en lugar de como un conxunto estreito limitado no tempo de intereses de clase ou prescricións económicas concretas, poderá liberarse a si mesmo,

aprendendo da historia en lugar de estar encadeado a ela. Non confundirá medios como a nacionalización con fins: unha sociedade máis xusta e unha a economía máis produtiva. Poderá transitar máis aló da confrontación entre o sector público e privado e ver os dous traballando nunha alianza. Poderá abrirse así a un maior pluralismo de ideas e pensamentos.

BLAIR, Tony (1994) *Socialism* London: Fabian Society.

Preguntas para orientar o comentario:

- 1) Relacione cada un dos anteriores fragmentos co seu respectivo contexto histórico e a cada autor coa tradición de pensamento socialista que poida representar.
- 2) Comente a noción da natureza humana e a relación que se establece coa noción de cambio político presentes en cada un dos fragmentos e contextualice a cuestión en termos filosóficos e ideolóxicos.
- 3) Que noción do sistema económico capitalista se infire do fragmento de Tony Blair? Coménteo en relación as ideas das denominadas «terceiras vías».
- 4) Comente, ao fío do contexto histórico de cando foron formuladas ditas propostas programáticas ou teóricas, as diferenzas entre a visión da socialdemocracia e o comunismo practicado nas ditaduras do leste. Así como a converxencia ou diverxencia da socialdemocracia clásica coa contemporánea.

Comentario de Texto 3)

A consecuencia no desexada da utopía neoliberal é unha brasilización de Occidente: son notables as similitudes entre cómo se está conformando o traballo remunerado no chamado Primeiro Mundo e como é o do Terceiro Mundo. A temporalidade e a fragilidade laborais, a descontinuidade e a informalidade están alcanzando a sociedades occidentais ata agora baluartes do pleno emprego e do Estado do benestar. Así as cousas, no núcleo duro de Occidente a estrutura social está comezando a asemellarse a esa especie de colcha de retallos que define a estrutura do sur, de modo que o traballo e a existencia da xente se caracteriza agora pola diversidade e a inseguridade. Deste modo, a política económica da inseguridade está ante un efecto dominó. Factores que nos bos tempos adoitaban complementarse e reforzarse mutuamente —o pleno emprego, as pensións garantidas, os elevados ingresos fiscais, a liberdade para decidir políticas públicas— agora enfróntanse a unha serie de perigos en cadea. O emprego remunerado estase tornando precario; os cimentos do Estado de benestar colápsanse; as historias vitais correntes desmenúzanse; a pobreza dos vellos é algo programado de antemán; e, coas arcas baleiras, as autoridades locais non poden asumir a demanda crecente de protección social. [...] A “flexibilidade do mercado laboral” é a nova letanía política, que pon en garda ás estratexias defensivas clásicas. Por doquier pídesse máis “flexibilidade” ou, dito doutro modo, que os empresarios poidan despedir máis facilmente aos seus traballadores. Flexibilidade tamén significa que o Estado e a economía trasladan os riscos ao individuo. Agora os traballos que se ofrecen son de curta duración e facilmente anulables (é dicir, “renovables”). Por último, flexibilidade tamén significa:

“Anímate, as túas capacidades e coñecementos están obsoletos e ninguén pode dicirte o que tes que aprender para que te necesiten no futuro”. A posición un tanto contraditoria na que se sitúan os Estados cando insisten ao mesmo tempo na concorrencia económica nacional e a globalización neoliberal (é dicir, no nacionalismo e na internacionalización) defrauda politicamente a quen reivindicaban o dereito individual dos cidadáns á estabilidade laboral e a uns servizos sociais dignos.

BECK, Ulrich (2012) *La política económica de la inseguridad*. (fragmento traducido ao galego)

Dispoñible en: (http://elpais.com/elpais/2012/04/27/opinion/1335552968_819732.html)

Preguntas para orientar o comentario:

1) Cal é a tese principal do fragmento? Cales son os factores que identifica Ulrich Beck como causantes da «economía da inseguridad»?

2) Como contrastaría dita visión coa ofrecida polos defensores do libre mercado? Que tipo de argumentos emprega cada unha destas visións enfrontadas?

2. Exemplos de documentais ou películas:

Documental 1)

Título orixinal: *Karl Marx and marxism* (Karl Marx e o marxismo)

Data: 1983

Duración (aproximada): 54 minutos

País: Gran Bretaña

Presentador: Stuart Hall

Produtora: Thames

Xénero: Historia

Web (no oficial):

<https://www.youtube.com/watch?v=OpQUbyn0PEI>

Sinopse:

Stuart Hall, historiador de inclinación marxista invítanos ao longo do documental a reflexionar sobre a relevancia e permanencia das ideas e teorías sobre o sistema económico do capitalismo do gran economista e pensador do século XIX, Karl Marx. Deste modo, a teorización do fenómeno das recorrentes crises económicas do capitalismo pasando, a tese da alienación do traballo ou da separación entre as capas máis ricas e máis pobres da sociedade, serían algunhas das ideas de Marx que seguirían a xuízo do narrador aínda que aplicables na análise das economías capitalistas actuais.

Preguntas para orientar o comentario:

1) Analice os argumentos e desenvolva as posturas fundamentais defendidas no documental así como as cuestións obxecto de debate.

2) Delinee os compoñentes ideolóxicos das diversas correntes teóricas do socialismo e o marxismo trazadas no documental e sitúa ditas ideas no seo dos seus contextos históricos e xeográficos e en relación os diferentes conflitos ideolóxicos.

3) Cre que o documental ten algún nesgo ideolóxico? Argumente a súa resposta.

4) Considera que os diversos desenvolvementos teóricos así como as revolucións e institucionalización dos réximes comunistas desvían ou, pola contra, son fieis ao pensamento de Marx e Engels? A que alude dita cuestión ao tocante á conexión entre as ideas e a práctica?

5) Desenvolvendo a intención do documental, argumente se o pensamento de Marx segue tendo ou non relevancia á hora de interpretar o sistema económico e o mundo actual.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA